



**GALARIA EMPRESA PÚBLICA DE
SERVIZOS SANITARIOS, S.A.**

CONSELLERÍA DE SANIDADE

I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2024 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

I.1. Descrición da entidade

Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A, no sucesivo, Galaria, (orixinariamente denominada Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A) foi creada en data 14 de xullo de 1994, mediante Decreto 229/1994 como Sociedade Pública Autónoma con forma de Sociedade Anónima e cun cen por cen de participación do capital da Xunta de Galicia. Con posterioridade, o 19 de setembro de 2008, publícase no DOG o Decreto 209/2008, do 28 de agosto, polo que se modifican a denominación e os estatutos do Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A. e de acordo co artigo 1 pasará a denominarse Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A. Galaria ten por obxecto a actividade asistencial, o desenvolvemento, execución e explotación de infraestruturas sanitarias, a prestación de servizos de consultaría no eido sanitario, a prestación de servizos de xestión ordinaria e administración de outras sociedades ou fundacións públicas, así como a prestación de calquera servizo relacionado co ámbito sanitario. Adicionalmente a principios de 2023 modificouse o obxecto social incorporándose a "participación en iniciativas, proxectos ou actividades de I+D+I en Biomedicina ou en Ciencias e Tecnoloxías da Saúde e outras relacionadas co sector sanitario que permitan a xeración de coñecemento científico ou tecnolóxico no ámbito da saúde, así como a súa aplicación e transferencia, sen prexuízo das competencias de ACIS"

Galaria é unha sociedade pública autónoma que se constitúe como medio propio personificado respecto da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do Sector público autónomo para a execución de actividades que lle sexan encargadas por esta ou polos seus organismos e entidades de natureza pública, dentro das materias que constitúen o seu obxecto social

I.1.1. Obxectivos

EIXO	DESCRICIÓN EIXO
E1	O reto demográfico

EIXO	PRIORIDADE ACTUACIÓN	DESCRICIÓN PRIORIDADE ACTUACIÓN
E1	PA1.4	Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade

I.1.a.- 2023 - Un exercicio de importantes cambios tecnolóxicos e de consolidación dos novos proxectos

Como en anos anteriores, no 2023 Galaria concentrou a súa actividade, e con ela os seus gastos, nas súas unidades dedicadas á atención sanitaria especializada no Sur de Galicia; Oncoloxía Radioterápica e Radiofísica Hospitalaria, Medicina Nuclear en Vigo e Ourense, e Diagnóstico por Imaxe (xestión dos equipos de resonancias magnéticas móbiles do Sergas atendendo principalmente a demanda de hospitais comarcais que carecen desta tecnoloxía pero participando en hospitais con equipos fixos atendendo as súas peticións por substitución de equipos ou co fin de aliviar a súa lista de espera, na medida das posibilidades dos equipos dispoñibles).

Durante 2023 o Plan de Inversión en Alta Tecnoloxía (INVEAT) sanitaria que impulsa o Ministerio de Sanidad grazas aos fondos europeos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, ten como obxectivo a renovación e ampliación de equipamento asistencial mellorando significativamente os procesos terapéuticos asociados a enfermidades crónicas, oncolóxicas e neurolóxicas.

Galaria non é allea a este proceso, e en coordinación co Servizo Galego de Saúde, levase a cabo a substitución de diverso equipamento de alta tecnoloxía sanitaria, concretamente, as cinco gammacámaras das unidades de medicina nuclear de Vigo e Ourense, onde incorporárase ademais un equipo Pet/CT, a renovación do equipo Pet/CT do hospital do Meixoeiro e o TAC de planificación da Unidade de Oncoloxía radioterápica. Galaria, conxuntamente coa Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, leva a cabo as xestións oportunas para que a actividade asistencial non se vexa afectada de forma significativa e cumprindo en todo caso cos estándares de calidade e seguridade que unha intervención deste tipo demanda.

Ademais, incorporouse en verán de 2023 un novo equipo de resonancia móbil renovándose completamente o parque móbil de resonancias móbiles iniciado no 2018. Isto permitirá temporalmente dispoñer de 4 resonancias móbiles ata a entrega do vello equipo permitindo aumentala actividade desta unidade asistencial.

Igualmente o cambio dun acelerador na unidade de Oncoloxía radioterápica de Ourense obrigou a derivar pacientes a unidade de Vigo axustándose a actividade e ampliando o horario a noite para permitir atender os pacientes con todas as garantías.

Ademais durante 2023 Galaria levou a cabo:

1) A unidade Técnica de Protección radiolóxica (UTPR), que presta os seus servizos a toda a rede Sergas (excepto en aqueles hospitais que contan con servizo de protección radiolóxica propio), realizou a avaliación e control de calidade de todos os equipos de radiodiagnóstico co fin de garantir a seguridade para pacientes e traballadores, incluíndo todos os equipos instalados no Plan INVEAT. E ademais, continuouse coa posta en marcha do proxecto X-DOSE para a medición da radiación acumulada dos pacientes que

teñen que ser sometidos a unha proba con emisión de radiación e dar así cumprimento a normativa europea.

2) A Unidade de Consultoría, que colabora habitualmente co Sergas en actividades de asesoramento na compra de alta tecnoloxía e presta apoio especializado ao Servizo de Obras, realiza diversas actuacións vinculadas con elaboración de pregos e informes de compras de equipos concretos, e informes de avaliación de ofertas de equipamento. Tamén está a participar en novos proxectos asignados a Galaria como o Centro de produción de CAR-T, Estratexia de Terapia celular avanzada. E, por suposto, continua a colaboración con ACIS en novos proxectos da axencia sanitaria.

3) A Unidade de Radiofármacos PET de Galicia (Ciclotrón), a cal produce e subministra regularmente radiofármacos aos hospitais do Sergas que contan con equipos de exploración PET e que experimentou un importante incremento nas capacidades de produción dado o proceso de renovación tecnolóxica dos últimos anos e coas miras postas no subministro dos novos equipos PET, tanto os renovados como os novos equipos nos hospitais de Lugo e Ourense, o que obrigará a un importante esforzo inversor para a actualización e aumento de capacidade de produción do ciclotrón.

4) O teléfono único do Sergas para toda a Comunidade. Este teléfono permite aos usuarios conseguir citas de atención primaria a calquera hora do día e calquera día da semana, con asistencia dun sistema automático de recoñecemento de voz (IVR), incluíndo tamén a funcionalidade de anulación / cancelación de citas de atención especializada implantada co obxecto de reducir os custes derivados da non asistencia a citas, por parte dos usuarios.

Relacionado con este teléfono, lévanse a cabo diferentes probas piloto destinada a identificar necesidades e melloras asociadas ao funcionamento do aplicativo de xestión de citas CRM100 coa vista posta en incorporar un servizo máis directo e amplo de atención de usuarios

5) Elaboración e desenvolvemento da Estratexia Economía circular do Servizo Galego de Saúde en coordinación coa Estratexia Galega de Economía Circular da Xunta de Galicia, presentada en setembro de este ano. Ademais participouse como socios na rede de hospitais verdes, participación en dous proxectos Europeos (Life Resystal e Rece to zero), e pamert da New European Bauhaus.

6) A Oficina Técnica de Seguimento (OTS) do servizo loxístico integral para o control, seguimento, supervisión e coordinación do correcto cumprimento da execución do contrato do Sergas con Severiano Servicio Móvil, S.A..

7) Participa na xestión da Unidade Central de Radiofarmacia de Galicia, sita en Ordes, dedicada á preparación da práctica totalidade dos radiofármacos que se empregan na rede sanitaria (tanto pública como privada) de Galicia, introducindo novos radiofármacos

as prestacións diagnósticas e terapéuticas dentro da oferta asistencial do Servizo Galego de Saúde.

8) Apoio na xestión ordinaria e administración de outras sociedades ou fundacións de carácter de público, vinculadas a actividades sanitarias e da saúde. Concretamente colabórase en diferentes ámbitos de xestión coa FPGM Xenómica.

Como proxectos estratéxicos iniciados durante 2023 e que terán a súa continuación e consolidación en 2024 son:

a) Posta en marcha do Centro de fabricación de terapias avanzadas de Galicia. A denominada terapia con células T (CAR-T) é unha terapia de última xeración, altamente específica. Constitúen novas estratexias terapéuticas e o seu desenvolvemento contribuirá a ofrecer oportunidades para tratar algunhas enfermidades que ata o momento carecen de tratamentos eficaces. Este proxecto está financiado a través dun fondo europeo REAC con 3M€ destinados a inversións, pero hai que sinalar que ten un coste intensivo en persoal e outro gastos que non entrarían nesta financiación. Actualmente atopase en fase de finalización de obras e equipamento nas instalacións do antigo Instituto de Ortopedia e Banco de tecidos músculo esqueléticos cedidas pola USC, con obxecto de tratar o primeiro paciente a inicios de 2024.

b) Implantación paulatina nos hospitais do Servizo Galego de Saúde do programa de medición de radiacións en doentes (X-DOSE) destinado a cumprir a normativa europea, trasposta xa a normativa estatal, e a aplicar medidas fundamentais relativas á protección dos pacientes e do persoal profesionalmente exposto as radiacións ionizantes. Este proxecto na súa aplicación informática esta financiado a través de fondos europeos pero o seu desenvolvemento carece actualmente de financiamento definido, pois estamos a espera de rematar o plan de implantación iniciada a súa elaboración en 2021.

c) Posta en marcha do Centro de protonterapia de Galicia, actualmente finalizou a fase de desenvolvemento do proxecto básico de deseño do centro de protonterapia de Galicia, levado a cabo pola empresa construtora coa colaboración da empresa provedora do equipamento Ion Beam Applications (IBA), e a coordinación de Galaria-Sergas

No 2024 estará en marcha a execución das obras e instalación do equipamento, tramitándose posteriormente a autorización do CSN e posta en marcha da instalación estimada para finais de 2025

Ao igual que nos anos anteriores, a actividade que será posible realizar en 2024 calculouse a partir da dotación económica comunicada por Recursos Económicos do Sergas. Como xa ven sendo habitual, a situación económica actual continua esixindo a máxima eficiencia na utilización de recursos, a fin de poder dar cabida á maior actividade posible.

Os obxectivos estratéxicos están referidos, de acordo co establecido no artigo I da Orde de 6 de xullo de 2023 pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, segundo o recollido no novo Plan estratéxico de Galicia 2022-2030 onde se recollen as liñas estratéxicas de investimento e gasto, e os obxectivos considerados na estratexia “Next Generation Galicia” e nos plans xerais da Consellería de Sanidade.

Na consecución destes obxectivos estratéxicos, coa lóxica imposta polas limitacións económicas e da situación actual derivado do elevado nivel de incerteza xerado polas enormes tensións políticas, alta inflación en tódolos recursos, problemas de abastecemento e incremento do custe do endebedamento; Galicia pretende, segundo a súa capacidade, seguir avanzando na incorporación de novas dotacións tecnolóxicas nas súas unidades de xestión clínica, co obxecto de manter a capacidade de resposta asistencial coa máxima calidade que permite actualmente o estado da técnica, ademais de contribuír ao desenvolvemento da integración cos complexos hospitalarios onde estas unidades están emprazadas.

Dentro dos obxectivos para o 2024 encádrase o desenvolvemento de novos proxectos no ámbito sanitario como o proxecto para a prestación dun servizo de carácter transversal destinado ao desenvolvemento dun sistema de xestión integral de probas de imaxe entre os distintos centros hospitalarios do sistema público; así como os xa referidos de X-DOSE, Centro de produción de CAR-T ou Centro de Protonterapia.

Así mesmo, Galicia propónse como obxectivo para 2024 seguir traballando na mellora dos seus sistemas de calidade que permita renovar as certificacións ISO 9001 nas súas unidades certificadas que en 2023 cumpre 20 anos certificadas. Un éxito organizativo e de xestión continuado dos profesionais da Sociedade.

I.1.2. Obxectivos e indicadores

OBX ESTRATÉXICO/ INTERMEDIO	DESCRICIÓN OBX ESTRATÉXICO/ INTERMEDIO	2024	2025	2026
OE.1.4.01	Promover a atención sanitaria integral adaptada ás distintas necesidades da poboación a prevención de enfermidades e problemas de saúde	18.685.996	18.439.952	18.473.952
	TOTAL	18.685.996	18.439.952	18.473.952

OBX OPERATIVO	DESCRICIÓN OBX OPERATIVO	2024	2025	2026
00.1.4.01	Asistencia sanitaria que responde ás necesidades da cidadanía actual e que se adapta aos cambios demográficos, especialmente ao envellecemento da poboación	18.685.996	18.439.952	18.473.952
	TOTAL	18.685.996	18.439.952	18.473.952

INDICADOR	DESCRIPCIÓN INDICADOR	2024	2025	2026	UNIDADES
B.AA	Procesos oncolóxicos	8.218.135	8.081.462	8.160.462	2510
B.AB	Resonancias magnéticas (unidades móbiles en hospitais comarcais)	2.293.450	2.293.450	2.293.450	25000
B.AC	probas e tratamentos de medicina nuclear e pet	4.165.000	4.165.000	4.165.000	12600
B.CA	Solicitudes controis de protección radiolóxica	399.363	499.363	499.363	
B.CB	produción de radiofármacos ciclotrón	1.857.136	1.801.765	1.756.765	11900
B.CB	Unidade de terapia celular Car-T	566.629	566.629	566.629	10
B.XA	Solicitudes de traballos (estudo novas tecnoloxías)	54.000	0	0	
B.XA	Solicitudes atendidas (Call Center)	712.096	612.096	612.096	
B.XA	Solicitudes de traballos recibidas (Consultoría)	420.187	420.187	420.187	

(Para determinar o importe asociado a cada indicador, considérase os gastos asociados a actividade a realizar sen considerar: amortizacións, provisións, resultados extraordinarios).

Oncoloxía radioterápica mantén os seus niveis de actividade considerando que non será preciso en 2024 unha quenda de noite, e que se aumenta a complexidade e mellora a calidade ao diminuír a radiación e o número de sesións por paciente, grazas a total renovación de equipos finalizada en 2022 coa instalación dun novo equipo (Vital Beam) o que reduce os custes por procedemento.

En diagnóstico por imaxe considérase unha actividade estimada para hospitais comarcais de 25.000 resonancias de acordo coa planificación e custes da unidade. Esta actividade pode incrementarse empregando os equipos fixos en quendas que estean dispoñibles de producirse necesidades de actividade a criterio da DXAS do Sergas.

No servizo de Medicina nuclear estímase unha redución na caída da actividade que reduciuse significativamente dende o 2020; por contra séguese incrementando as probas de imaxe en equipos Pet, situación que incrementárase coa posta en marcha do novo equipo Pet en Ourense

Outro aspecto a sinalar é o aumento do custe en tódalas unidades polo incremento do gasto de persoal (polo acordo da mesa Xeral de Negociación da Función Pública e da Mesa sectorial de sanidade).

As importantes inversións realizadas no período 2021 – 2023 vinculados ao proxecto de terapias celulares CAR-T reduciranse no 2024 ao estar xa en marcha esta unidade, sendo un período de incerteza polos custes esperados a actividade a realizar e ser poucas as terapias iniciais.

I.1.2.a) Obxectivos operativos de actividade asistencial:

- Oncoloxía Radioterápica: e unha unidade cunha estrutura de custos principalmente fixos. Por esta razón, a actividade da unidade vese condicionada pola capacidade física das máquinas de alta tecnoloxía e non tanto pola dotación orzamentaria. O aproveitamento dos tempos dispoñibles duns equipos de alta precisión é fundamental para reducir o elevado custe do equipamento por paciente tratado

A incorporación progresiva que se estivo a realizar dos novos aceleradores lineais finalizado en 2022 está propiciando un importante incremento dos tratamentos en IMRT e VMAT, tendencia que se mantén en 2023, técnicas que permiten aplicacións de radiación máis precisos e polo tanto moito máis seguros para o paciente, pero en cambio, consume maiores tempos de máquina e tamén de profesionais dada a súa maior complexidade na realización de cálculos de radiacións e seguimento máis pomenorizado. Actualmente dende Galaria mantense diversas actuacións encamiñadas a investir en tecnoloxías e aplicativos que faciliten aos profesionais reducir tempos de deseño das diferentes solucións terapéuticas destinadas aos pacientes e dar a mellor resposta a demanda xerada en tempo e forma

Destacar a substitución dun novo TAC de planificación dentro do Plan INVEAT, con maior calidade de imaxe o que permite o deseño máis preciso das dosimetrías e controis do paciente oncolóxico.

No 2023 continuouse desenvolvendo o programa informático recollido no contrato do sociotecnolóxico, chamado Aria, que permitirá a xestión e control dos servizos de radioterapia de Galicia en rede (actuando os servizos de Galaria como piloto) e avanza no desenvolvemento dun novo sistema baseado na Intelixencia Artificial (xemelo dixital) para mellorar a eficiencia na xestión do servizo (máquinas, tempos, citacións, etc.). Este proxecto, moi avanzado, espérase rematar no 2024

- Diagnóstico por Imaxe: o proceso de renovación das unidades de resonancia magnética móbil iniciado coa adquisición dun novo equipo en decembro de 2021, tivo a súa continuidade no 2022 coa adquisición doutra resonancia e finalmente, grazas ao Plan INVEAT (resonancia, remolque adquirido por Galaria) en verán de 2023 renovouse a totalidade das unidades o que permitirá mellorar de forma significativa as prestacións e a eficiencia da unidade, reducíndose de forma considerable os tempos de parada por mantementos dos equipos antigos, así como ofrecer aos doentes as mellores prestacións nun ambiente máis cómodo e funcional. Isto permitirá dar resposta á crecente demanda dos hospitais públicos, segundo as indicación realizadas pola DXAS para mellorar a colaboración en rede, aproveitando a experiencia de Galaria na realización de informes a distancia.

Así mesmo, a transversabilidade que caracteriza Galaria permite aproveitar esta experiencia para que os radiólogos poidan levar a cabo o informado de imaxes para calquera centro hospitalario dotados de resonancia, neste sentido, e coa colaboración coa DX de

Asistencia sanitaria, desenvolverase o sistema de xestión integral de probas de imaxe entre os distintos centros hospitalarios do sistema público

- Medicina Nuclear de Vigo e Ourense: son as unidades de maior transformación durante o 2023. Igual que en casos anteriores prodúcese dentro Plan INVEAT a substitución de todo equipamento de alta tecnoloxía da unidade de Vigo con tres novas Gammacámaras e un novo equipo Pet que substitúe o do ano 2008 o que deriva nunha transformación radical nas prestacións diagnósticas da unidade dispoñendo de equipos de última xeración. No caso de Ourense trátase dunha nova unidade substituído as dúas gammacámaras e instalando un equipo Pet o que permitirá melloral a eficiencia asistencial dos pacientes que ademais evitarán ter que desprazarse a Vigo para a realización destas probas diagnósticas.

Respecto a demanda, a tendencia iniciada no ano 2020 de redución de probas de medicina nuclear, mantense no 2023, de tal forma que considérase esta tendencia como estrutural, reducíndose de forma importante as probas cardíacas e pulmonares, pero incrementándose as probas Pet.

I.1.2.b) Obxectivos operativos no ámbito da consultoría.

As liñas de traballo a desenvolver no vindeiro ano 2024 xirarán, como ven sendo habitual, arredor do asesoramento na compra de equipamento de alta tecnoloxía, planificación estratéxica de investimentos, plans de dotación completa do equipamento de centros hospitalarios e centros de saúde. E tamén nos proxectos de innovación xestionados pola Axencia de Coñecemento do Sergas (ACIS) e de forma moi importante no novo proxecto de técnicas de inmunoterapia celular avanzada.

En outubro de 2019 aprobouse o RD que establece novas regras, garantías e requisitos que extremen a protección de doentes e profesionais ante a exposición a radiacións médicas ionizantes. O RD traspón parcialmente a Directiva 2013/59/Euratom pola que se establecen normas de seguridade básicas para a protección contra os perigos derivados da exposición a radiacións ionizantes no relativo ás exposicións médicas.

Neste campo de actuación e no marco da normativa vixente en materia de incorporárase en Galicia o proxecto de "Verificación e control de emisión de radiacións ionizantes de equipamento médico e de doses impartidas a doentes" (X-DOSE). No ano 2023 estase poñendo en marcha o Plan de implantación pero que vese afectado pola gran cantidade de novo equipamento adquirido polo Sergas dentro dos programas Next generation en instalación.

I.1.2.d) Obxectivos operativos da Unidade de Radiofármacos PET Galicia

As inversións dos últimos anos propiciaron unha significativa redución de paradas por avaría e polo tanto un aumento na produción para subministrar radiofármacos de FDG

y F-Colina aos equipos Pet actuais de Vigo, Santiago e A Coruña (Oncolóxico) e para os novos equipos de Lugo e Ourense que se porán en marcha a finais de 2023.

A demanda do nº de doses destes radiofármacos, sempre á alza desde que comezou o funcionamento da unidade, e o incremento previsto do número de equipos PET no SERGAS nos próximos anos, terá como resultado un incremento da necesidade de produción que se atenderá aumentando a capacidade de traballo do ciclotrón mediante as actualizacións e ampliacións necesarias que se recollen no proxecto de inversións.

Ademais, pouco a pouco e segundo a lexislación vixente e as autorizacións correspondentes, estase estudando a posibilidade de incorporación de novos radiofármacos, como F-dopa, PSMA e outros radiofármacos marcados con carbono, que poden mellorar a especificidade do diagnóstico PET.

I.1.2.e) Obxectivos operativos do servizo de atención telefónica á cidadanía “SAÚDE EN LIÑA”

A efectos orzamentarios, no 2024, se siga atendendo a toda a poboación galega mantendo un custo similar aos anos anteriores e ampliando o servizo incorporando a coordinación co aplicativo de rexistro de peticións de cita CRM100

I.1.2.f) Obxectivos de colaboración con outros organismos de carácter sanitario

Manterase o apoio na xestión ordinaria y administración de outras sociedades ou fundacións de carácter de público, vinculadas a actividades sanitarias e da saúde, fundamentalmente a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica.

No ano 2023 prestouse apoio a FPGMX sobre todo en temas de RRHH e expedientes de contratación.

Participouse no proceso de modificación estatutaria da Fundación e na elaboración da addenda e prórroga ao contrato programa asinado co Sergas

Elaborouse un plan funcional que permita o seu crecemento ordenado posto en marcha en 2023 e que está a ter efectos nos niveis de actividade e de lista de espera.

Tamén se está prestando apoio no Plan de calidade, esperando ter certificada parcialmente a unidades pola ISO 15700 en 2023.

I.1.2.g) Obxectivos relacionados co Centro de produción de terapias avanzadas, CAR-T.

No 2021 iniciouse o proceso de adaptación das instalacións destinadas a este centro, firmando un convenio coa USC para a cesión dun centro sito no Monte da Condesa, analizando e sacando a concurso a reforma necesaria. Dos traballos previos realizados en

2022 identificáronse diferentes necesidades de adaptación e mellora das inicialmente previstas dada a situación real dunha instalación con tanto tempo en desuso. A finais de 2022 e en 2023 sacáronse e adxudicáronse diversos concursos para a compra do equipamento necesario de tratamento molecular e laboratorio. Realizouse o proceso de selección de persoal, conxuntamente coa consultoría de Galaria.

Ao inicio de 2024 xa estará en marcha este centro, previas autorizacións necesarias dos organismos estatais de control e supervisión.

I.1.2.h) Obxectivos relacionados co desenvolvemento de novos proxectos

Galaria participa xunto con outros organismos públicos e entidades sociais nun proxecto europeo medioambiental, económico e cultural cuxo obxectivo é combinar o deseño, sustentabilidade, accesibilidade e estética para participar e cumprir co chamado Pacto Verde Europeo denominado New European Bauhaus, do que o Servizo Galego de Saúde é partner oficial. Durante 2023 participouse en diferentes iniciativas e eventos vinculados coa difusión dos principios vinculados a esta iniciativa que busca transformar a Unión Europea impulsando un estilo de vida integral e sostible que sitúe ás persoas no centro para unha vida mellor, cos profesionais da saúde como prescriptores deste cambio. En 2024 seguirase avanzando na promoción e difusión desta iniciativa de gran transcendencia social.

Ademais elaborouse a estratexia de economía circular do Sergas presentada en setembro de 2023 e colabórase na rede de Hospitales verdes, seguimos presentando proxectos europeos en xestión residuos e outros de carácter medioambiental.

I.2. Inversións

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2024	CONCELLO
ACTUALIZACIONES DE SISTEMAS RDTP	2.023	2.023	30.000	30.000	3652057
CELDA BLINDADA PET	2.023	2.023	35.000	35.000	3232054
CJTO DE LADRILLOS Y PANTALLAS PLOMADAS	2.023	2.023	25.000	25.000	1538078
COMPRESOR AIRE COMPRIMIDO	2.023	2.023	15.000	15.000	1538078
CONSOLA SIMULACIÓN	2.023	2.023	12.000	12.000	3652057
ELECTRÓMETRO Y EQUIPOS ACCESORIOS	2.023	2.023	15.000	15.000	3652057
ELECTRÓMETRO y CARRO Y EQUIPOS ACCESORIOS	2.023	2.023	20.000	20.000	3652057
ENFRIADORA YORK (Tejado)	2.023	2.023	200.000	200.000	1538078
EQUIPAMENTO LABORATORIO CAR-T	2.023	2.023	50.000	50.000	1538078
EQUIPO DE MEDIDA PARA ACELERADORES	2.023	2.023	45.000	45.000	3652057
EQUIPO GENERADOR PARA VENTILACIÓN PULMONAR	2.023	2.023	40.000	40.000	3232054
EQUIPOS BRAQUITERAPIA	2.023	2.023	20.000	20.000	3652057

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2024	CONCELLO
EQUIPOS INFORMÁTICOS	2.023	2.023	2.000	2.000	1538078
ESTACIONES DIAGNÓSTICO/ ORDENADORES	2.023	2.023	15.000	15.000	3652057
ESTACIONES DIAGNÓSTICO/ ORDENADORES	2.023	2.023	15.000	15.000	3652057
FANTOMAS PARA GAMMACÁMARAS Y SONDA INTRAOPERATORIA	2.023	2.023	8.000	8.000	3652057
INSTALACIONES CAR-T	2.023	2.023	150.000	150.000	1538078
LICENCIAS	2.023	2.023	30.000	30.000	3652057
MANIQUIS PARA CONTROL DE CALIDAD	2.023	2.023	7.000	7.000	1538078
MEDIDOR DE RADIACIÓN AMBIENTAL	2.023	2.023	7.000	7.000	1538078
MONITORES DE RADIACIÓN AMBIENTAL	2.023	2.023	20.000	20.000	1538078
MONITORES DE SEÑALES BIOMÉDICAS	2.023	2.023	15.000	15.000	3652057
MULTIMETROCONTROL DE CALIDAD	2.023	2.023	15.000	15.000	1538078
MÓDULO DE SÍNTESIS NUEVOS RDFCOS	2.023	2.023	190.000	190.000	1538078
NAVISON INTEGRACIÓN	2.023	2.023	75.000	75.000	3652057
NUEVO DISPENSADOR	2.023	2.023	410.000	410.000	1538078
NUEVOS SERVIDORES CHUVI	2.023	2.023	21.000	21.000	3652057
ORDENADORES	2.023	2.023	1.000	1.000	3232054
ORDENADORES E EQUIPAMENTO INFORMÁTICO	2.023	2.023	5.000	5.000	3652057
ORDENADORES Y MONITORES Y SOFTWARE DE ANÁLISIS	2.023	2.023	20.000	20.000	3652057
ORDENADORES Y PANTALLAS 21"	2.023	2.023	4.000	4.000	3652057
PROGRAMA CARDIO RESONANCIA MOV.	2.023	2.023	85.000	85.000	3652057
SISTEMA DE MEDIDA DE RADIACIÓN	2.023	2.023	7.000	7.000	1538078
TARGET SWITCH ACTUALIZACIÓN	2.023	2.023	30.000	30.000	1538078
TOTAL INVERSIONES MENORES	2.023	2.023	72.000	72.000	3652057
		TOTAL	1.711.000	1.711.000	

A principal inversión actualmente en tramitación no 2023 corresponde coa adquisición do equipamento, material de laboratorio, así como obras de acondicionamento e salas brancas vinculados Centro de produción de terapias avanzadas, CAR-T (o importe actualmente comprometido supera os 2.900.000 euros) inversións que está financiadas por fondos europeos das liñas de actuación REACT-EU no PO FEDER Galicia 2014-2020). As inversións a executar no seguintes anos dependerán do realizado no 2023 e da evolución do proxecto CAR-T.

En 2023 levouse a cabo a renovación total de resonancias móbiles, adquirindo o Sergas un novo equipo de resonancia dentro do Plan INVEAT, encargándose Galaria de tramitar a adquisición do remolque e instalación por máis de 700.000 euros.

En 2024, as inversións centraranse na instalación do Ciclotrón en Santiago para adaptalo ao incremento na demanda de radiofármacos Pet pola instalación de novos equipos

en Lugo e Ourense e a renovación dos existentes, así como en equipos e sistemas necesarios nas diferentes unidades de Galaria

I.3. Territorialización

CONCELLO	GASTO DE PERSOAL	OUTROS GASTOS CORRENTES	GASTOS DE CAPITAL
Santiago	378.740	231.355	1.108.000
Ourense	2.359.210	1.441.134	84.000
Vigo	7.799.932	4.764.625	519.000
TOTAL	10.537.882	6.437.114	1.711.000

Convén indicar que Galaria xestiona diferentes unidades de carácter itinerante como son tres resonancias móbiles que prestan servizos en diferentes hospitais comarcais e a unidade de protección radiolóxica que atende a totalidade dos Centros do Sergas que non dispoñen de unidade propia de protección radiolóxica (o persoal adscrito a esta unidades considerouse pertencente a Vigo a efectos de territorialización).

I.4. Previsións orzamentarias e financiamento

I.4.1. Previsións Orzamento de explotación

INGRESOS

Vendas e outros ingresos de explotación

INGRESOS	2024	2025	2026
INGRESOS FINANCEIROS	26.012	25.000	57.880
OUTROS INGRESOS DE EXPLOTACIÓN	3.000	3.000	3.000
PARTICULARES, PRIVADOS E OUTRAS EMPRESAS	425.000	1.148.571	1.148.571
TOTAL	454.012	1.176.571	1.209.451

Transferencias e subvencións de explotación recibidas

SUBVENCIÓN CORRENTES RECIBIDAS DA C.A.	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024
Axencia Galega do Coñecemento	40.000	0	0
Consellería de Emprego e Igualdade	34.108	17.055	0
Fundación Biomédica	15.806	0	0
GAIN	21.913	46.087	36.000
SERVIZO GALEGO DE SAUDE	16.861.685	18.422.682	17.492.003
TOTAL	16.973.512	18.485.824	17.528.003

	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024
Subvencións Correntes Recibidas do Estado	0	10.809	10.885
Subvencións Correntes Recibidas da UE			

	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024
TOTAL	0	10.809	10.885

As principais transferencias e subvencións de explotación se corresponden principalmente co financiamento da actividade asistencial. Así mesmo recíbense subvencións para financialo custe do centro de produción de radiofármacos Pet de Galicia (Ciclotrón), consultoría e protección radiolóxica (UTPR) e diferentes subvencións asociadas a contratación de persoal especializado (CAR-T)

GASTOS

Gastos de persoal

	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024
Nº Empregados	191	198	197
Custo Total	9.641.754	10.500.435	10.537.882
Custo Medio	50.480,39	53.032,5	53.491,79

O importe correspondente a Gasto de persoal aumenta como consecuencia da aplicación dos importes vinculados a carreira profesional, trienios, actualización vinculada ao IPC, aplicación das melloras retributivas en determinados conceptos acordados en Mesa Sectorial para el persoal das institucións sanitarias do Sergas e do persoal do proxecto do Centro de produción de terapias CAR-T.

Outras remuneracións ao persoal

Durante os exercicios 2022 e 2023 os membros do Consello de Administración non percibiron importe algún en concepto de retribucións e dietas

Servizos exteriores

DESCRIPCIÓN	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024	PREVISIÓN 2025	PREVISIÓN 2026
ARRENDAMENTOS	1.284.881	1.211.535	140.419	360.000	360.000
OUTROS SERVICIOS	275.869	419.404	469.337	470.000	470.000
PRIMAS DE SEGUROS	93.725	107.449	107.448	110.000	110.000
REPARACIONES E CONSERV	1.292.139	1.090.278	1.090.278	1.100.000	1.100.000
SERVIZOS INDEP.	255.526	219.853	219.853	350.000	350.000
SUBMINISTROS	84.093	54.298	54.298	55.000	55.000
TRANSPORTES	163.186	154.859	154.859	155.000	155.000
TOTAL	3.449.419	3.257.676	2.236.492	2.600.000	2.600.000

Os conceptos de gasto máis significativos dentro do epígrafe de servizos exteriores corresponde cos gastos asociados a cesión diverso equipamento tecnolóxico subministrado no marco do proceso de diálogo competitivo co obxecto de dispoñer dunha solución global que cubra as necesidades de realización de probas e procedementos, entre outros, de medicina nuclear e radioterapia, e que no caso de medicina nuclear están sendo renovados co Plan INVEAT. Relacionado co anterior, outro concepto significativo corresponde cos gastos de reparación e conservación, e máis concretamente os gastos de mantemento

asociados aos equipos de alta tecnoloxía sanitaria propiedade de Galaria (aceleradores, gammacámaras, resonancias móbiles, Pet, ciclotrón, etc.)

Amortización

DESCRICIÓN	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024
Amortización do inmovilizado intanxible	25.874	26.568	37.513
Amortización do inmovilizado material	955.379	817.468	1.253.554
TOTAL	981.253	844.036	1.291.067

A variación no epígrafe de “gasto por amortización” débese principalmente a amortización definitiva de diverso equipamento e que as instalacións do CarT atópanse rexistradas como inmovilizado en curso e non xerar gasto por este concepto ata a súa posta en marcha

No 2024 este apartado se incrementará de forma significativa o poñerse en marcha todo o equipamento instalado no CART e o novo remolque de resonancia móbil

Subvencións concedidas pola entidade

As principais débedas a longo prazo corresponden con diferentes contratos de arrendamento financeiro asociados a adquisición de maquinaria formalizados en decembro de 2017. A finais de 2020 e principios de 2021 formalizaranse dous novos contratos de arrendamento financeiro (substitución dunha resonancia móbil e módulos de síntese do Ciclotrón). O tipo de interese dos contratos de arrendamento financeiro formalizados en 2019 está referido ao Euribor a doce meses máis un diferencial de 0,48 puntos. No caso dos contratos a formalizar no 2020 e principios de 2021 o diferencial é do 0,45 puntos

I.4.2. Previsións Orzamento de capital

ORIXES

Transferencias e subvencións de capital recibidas

SUBVENCIONES DE CAPITAL RECIBIDAS DA C.A.	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024
SERVIZO GALEGO DE SAUDE	0	842.522	0
TOTAL	0	842.522	0

Remanente de Tesourería

	2022	2023
1. Fondos líquidos	3.542.788	198.158
2. Dereitos pendentes de cobro (+)	2.490.127	3.582.361
Do orzamento corrente	0	0
De orzamentos pechados	0	0
De operacións non orzamentarias	0	0

	2022	2023
De operacións comerciais	2.490.127	3.582.361
3. Obrigas pendentes de pago (-)	3.312.959	2.258.248
Do orzamento corrente	0	0
De orzamentos pechados	0	0
De operacións non orzamentarias	0	0
De operacións comerciais	3.312.959	2.258.248
4. Partidas pendentes de aplicación (-/+)	0	0
(-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	0	0
(+) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	0	0
I. Remanente de tesourería total (1+2+3+4)	2.719.956	1.522.271
II. Exceso de financiamento afectado	0	0
III. Saldos de dubidoso cobro	1.019.742	531.406
IV. Remanente de tesourería non afectado (I-II-III)	1.700.214	990.865

APLICACIÓNS

Adquisicións de inmovilizado non financeiro

ADQUISICIÓN S INMOBILIZADO NON FINANCEIRO	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024
Investimentos en equipamento diagnóstico por imaxe	843	701.986	108.000
Investimentos en equipamento medicina nuclear	83.271	31.146	107.000
Investimentos en equipamento protección radiolóxica	37.125	15.000	44.000
Investimentos en equipamento radiofísica	9.025	14.912	116.000
Investimentos en equipamento radioterapia	147.724	33.694	90.000
Investimentos en equipamento unidade de produción de radiofármacos	76.938	136.205	898.000
Investimentos en equipamento xeral	5.839	26.121	138.000
Investimentos en equipamento proxecto CAR-T	1.262.433	1.333.237	210.000
TOTAL	1.623.198	2.292.301	1.711.000

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2024

GALARIA EMP.PUBL. DE SERVIZOS SANITARIOS

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2022	ESTIMADO 2023	ORZAMENTO 2024
A) ACTIVO NON CORRENTE		5.201	6.649	7.107
I. Inmobilizado intanxible		52	25	178
1. Desenvolvemento				
2. Concesións				
3. Patentes, licencias, marcas e similares				
4. Fondo de comercio				
5. Aplicacións informáticas	52	25	178	
6. Outro inmobilizado intanxible				
II. Inmobilizado material	4.750	6.224	6.492	
1. Terreos e construcións				
2. Instalacións técnicas, e outro inmobilizado material	3.988	6.224	6.492	
3. Inmobilizado en curso e anticipos	762			
III. Inversións inmobiliarias				
1. Terreos				
2. Construcións				
IV. Inversións en empresas do grupo e asociadas a longo prazo	129	129	129	
1. Instrumentos de patrimonio	129	129	129	
2. Créditos a empresas				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
V. Inversións financeiras a longo prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a terceiros				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
VI. Activos por imposto diferido	271	271	309	
B) ACTIVO CORRENTE	5.074	3.304	2.866	
I. Activos non correntes mantidos para a venda				
II. Existencias	61	55	60	
1. Comerciais	61	55	60	
2. Materias primas e outros aprovisionamentos				
3. Produtos en curso				
4. Produtos terminados				
5. Subprodutos, residuos e materias recuperados				
6. Anticipos a provedores				
III. Deudores comerciais e outras contas a cobrar	1.470	3.051	2.552	
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos	41	82	85	
2. Clientes, empresas do grupo e asociadas	413	1		
3. Debedores varios	25	28	25	
4. Persoal	1	4	8	
5. Activos por imposto corrente	68	68	185	
6. Outros créditos coas Administracións Públicas	923	2.868	2.250	
7. Accionistas (socios) por desembolsos esixidos				
IV. Inversións en empresas do grupo e asociadas a curto prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a empresas				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
V. Inversións financeiras a curto prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a empresas				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
VI. Periodificacións a curto prazo				

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2024

GALARIA EMP.PUBL. DE SERVIZOS SANITARIOS

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2022	ESTIMADO 2023	ORZAMENTO 2024
	VII. Efectivo e outros líquidos equivalentes	3.543	198	255
	1. Tesourería	3.543	198	255
	2. Outros activos líquidos equivalentes			
	TOTAL ACTIVO (A+B)	10.276	9.954	9.974

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2024

GALARIA EMP.PUBL. DE SERVIZOS SANITARIOS

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. PATRIMONIO NETO E PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2022	ESTIMADO 2023	ORZAMENTO 2024
A) PATRIMONIO NETO		4.399	5.211	4.847
A.1) Fondos propios		3.461	3.431	3.346
I. Capital		1.275	1.275	1.275
1. Capital escriturado		1.275	1.275	1.275
2. (Capital non esixido)				
II. Prima de emisión				
III. Reservas		1.931	1.986	2.071
1. Legal e estatutarias		421	421	421
2. Outras reservas		1.511	1.565	1.650
IV. (Accións e participacións no patrimonio propias)				
V. Resultados de exercicios anteriores				
1. Remanente				
2. (Resultados negativos de exercicios anteriores)				
VI. Outras aportacións de socios				
VII. Resultado do exercicio		255	169	
VIII. (Dividendo a conta)				
IX. Outros instrumentos do patrimonio neto				
A.2) Axustes por cambios de valor				
I. Activos financeiros disponibles para a venda				
II. Operacións de cobertura				
III. Outros				
A.3) Subvencións, doacións e legados recibidos		938	1.780	1.501
B) PASIVO NON CORRENTE		1.995	1.880	1.929
I. Provisións a longo prazo		8	8	8
1. Obrigas por prestacións a longo prazo ó persoal				
2. Actuacións medioambientais				
3. Provisións por reestructuración				
4. Outras previsións		8	8	8
II. Débedas a longo prazo		1.675	1.279	1.398
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito				
3. Acredores por arrendamento financeiro		1.650	1.184	1.350
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros		25	94	47
III. Débedas con empresas do grupo e asociadas a longo prazo				
IV. Pasivos por imposto diferido		313	593	524
V. Periodificacións a longo prazo				
C) PASIVO CORRENTE		3.881	2.863	3.198
I. Pasivos vinculados con activos non correntes mantidos para a venda				
II. Provisións a curto prazo				
III. Débedas a curto prazo		568	605	771
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito				
3. Acredores por arrendamento financeiro		470	468	601
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros		98	137	170
IV. Débedas con empresas do grupo e asociadas a curto prazo				
V. Acredores comerciais e outras contas a pagar		3.313	2.258	2.427
1. Provedores		2.737	1.284	1.139
2. Provedores, empresas do grupo e asociadas				
3. Acredores varios				
4. Persoal (remuneracións pendentes de pago)		167	328	167
5. Pasivos por imposto corrente				
6. Outras débedas coas Administracións Públicas		409	646	1.121
7. Anticipos clientes				
VI. Periodificacións a curto prazo				
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)		10.276	9.954	9.974

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2024

ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

GALARIA EMP.PUBL. DE SERVIZOS SANITARIOS

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS.	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2022	ESTIMADO 2023	ORZAMENTO 2024
	A) OPERACIONES CONTINUADAS			
	1. Importe neto da cifra de negocios	1.779	412	425
	a) Ventas	715	7	10
	b) Prestacións de servizos	1.064	405	415
	2. Variación de existencias de pto. terminados e en curso de fabricac.			
	3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo.			
	4. Aprovisionamentos	-4.011	-4.555	-4.091
	Consumo de mercaderías			
	Consumo de materias primas e outras materias consumibles	-2.790	-2.959	-2.989
	Traballos realizados por outras empresas	-1.224	-1.596	-1.103
	Deterioro de mercaderías, materias primas e outros aprovisionamentos	3		
	5. Outros ingresos de explotación	17.030	18.541	17.542
	Ingresos accesorios e outros de xestión corrente	56	45	3
	Subvencións de explotación incorporadas ó resultado exercicio	16.974	18.497	17.539
	6. Gastos de persoal	-9.642	-10.500	-10.538
	Soldos, salarios e asimilados	-8.060	-8.753	-8.712
	Cargas sociais	-1.581	-1.747	-1.826
	Provisións			
	7. Outros gastos de explotación	-3.827	-2.786	-2.261
	Servizos exteriores	-3.449	-3.258	-2.236
	Tributos	-15	-15	-18
	Perdas, deterioros e variacións de provisións por operacións comerciais	-362	488	-5
	Outros gastos de xestión corrente		-1	-2
	8. Amortización do inmovilizado	-981	-844	-1.291
	Amortización do inmovilizado intanxible	-26	-27	-38
	Amortización do inmovilizado material	-955	-817	-1.254
	Amortización das inversións inmobiliarias			
	9. Imputación de subvencións do inmovilizado non financeiro e outras.			279
	10. Excesos de provisións			
	11. Deterioro e resultado por alleamentos de inmovilizado.			
	a) Deterioros e perdas			
	Do inmovilizado intanxible			
	Do inmovilizado material			
	Das inversións inmobiliarias			
	b) Resultado por alleamentos e outras			
	Do inmovilizado intanxible			
	Do inmovilizado material			
	Das inversións inmobiliarias			
	12. Diferencia negativa de combinacións de negocio			
	13. Outros resultados		-2	-1
	Gastos excepcionais		-2	-1
	Ingresos excepcionais			
	A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13)	347	266	64
	14. Ingresos financeiros		10	26
	a) De participación en instrumentos do patrimonio			
	b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros		10	26
	15. Gastos financeiros	-7	-65	-90
	a) Por débedas con empresas do grupo			
	b) Por débedas con terceiros.	-7	-65	-90
	c) Por actualización de provisións			
	16. Variación de valor razonable en instrumentos financeiros.			
	17. Diferencias de cambio			
	18. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financeiros			
	19. Outros ingresos e gastos de carácter financeiro			
	A.2) RESULTADO FINANCIERO (14+15+16+17+18+19)	-7	-55	-64
	A.3) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)	340	212	
	20. Imposto sobre beneficios	-85	-42	

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2024				
ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN				
GALARIA EMP.PUBL. DE SERVIZOS SANITARIOS				
Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS.	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2022	ESTIMADO 2023	ORZAMENTO 2024
	A.4) RESULTADO DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIÓNS CONTINUADAS (A.3+20)	255	169	
	B) OPERACIÓNS INTERRUMPIDAS			
	21. Resultado do exercicio procedente de operacións interrompidas neto de impostos.			
	A.5) RESULTADO DO EXERCICIO (A.4+21)	255	169	

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2024

Formulario SPA.04

GALARIA EMP.PUBL. DE SERVIZOS SANITARIOS

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2022	ESTIMADO 2023	ORZAMENTO 2024
A) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN			
1. Resultado do exercicio antes de impostos.	340	212	
2. Axustes no resultado	1.356	410	1.081
a. Amortización do inmovilizado (+)	981	844	1.291
b. Correccións valorativas por deterioro (+/-)	359	-488	5
c. Variación de provisións (+/-)	8		
d. Imputación de subvencións (-)			-279
e. Resultados por baixas e alleamentos de inmob (+/-)			
f. Resultados por baixas e alleamentos de insts finacs (+/-)			
g. Ingresos financeiros (-)		-10	-26
h. Gastos financeiros (+)	7	65	90
i. Diferencias de cambio (+/-)			
j. Variación do valor razoable en insts fins(+/-)			
k. Outros ingresos e gastos (-/+)			
3. Trocos no capital corrente	1.558	-1.902	227
a. Existencias (+/-)	-26	6	-5
b. Debedores e outras contas a cobrar (+/-)	660	-1.135	218
c. Outros activos correntes (+/-)			
d. Acredores e outras contas a pagar (+/-)	924	-774	14
e. Outros pasivos correntes (+/-)			
f. Outros activos e pasivos non correntes (+/-)			
4. Outros fluxos de efectivo das actividades de explotación.	-25	-55	-64
a. Pagos de intereses (-)	-7	-65	-90
b. Cobros de dividendos (+)			
c. Cobros de intereses (+)		10	26
d. Cobros/pagos por imposto sobre beneficios (+/-)	-18		
e. Outros pagos/cobros (-/+)			
5. Fluxos de efectivo en actividades de explotación (1+2+3+4)	3.229	-1.335	1.244
B) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO			
6. Pagos por investimentos (-)	-1.623	-2.292	-1.711
a. Empresas do grupo e asociadas (concretar empresa)			
b. Inmovilizado intanxible	-13		-190
c. Inmovilizado material	-1.611	-2.292	-1.521
d. Investimentos inmobiliarios			
e. Outros activos financeiros			
f. Activos non correntes mantidos para a venda			
g. Outros activos			
7. Cobros por desinversións (+)			
a. Empresas do grupo e asociadas (concretar empresa)			
b. Inmovilizado intanxible			
c. Inmovilizado material			
d. Investimentos inmobiliarios			
e. Outros activos financeiros			
f. Activos non correntes mantidos para a venda			
g. Outros activos			
8. Fluxos de efectivo das actividades de investimentos (7-6)	-1.623	-2.292	-1.711
C) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIACIÓN			
9. Cobros e pagos por instrumentos de patrimonio	1.250	843	
a. Emisión de instrumentos de patrimonio (+) (desglosar suscritores)			
b. Amortización de instrumentos de patrimonio (-)			
c. Adquisición de instrumentos de patrimonio propio (-)			
d. Alleamento de instrumentos de patrimonio propio (+)			
e. Subvencións, doacións e legados recibidos (desglosar concedentes) (+)	1.250	843	
10. cobros y pagos por instrumentos de pasivo financeiro	-419	-360	693
a. Emisión	64	108	707
1. Obrigas e outros valores negociables (+)			
2. Débedas con entidades de crédito (+)	64		707
3. Débedas con empresas do grupo e asociadas (desglosar prestamista) (+)			
4. Outras débedas (desglosar prestamista) (+)		108	

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2024

Formulario SPA.04

GALARIA EMP.PUBL. DE SERVIZOS SANITARIOS

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2022	ESTIMADO 2023	ORZAMENTO 2024
b. Devolución e amortización de:	-483	-468	-14
1. Obrigas e outros valores negociables (-)			
2. Débedas con entidades de crédito (-)	-483	-468	
3. Débedas con empresas do grupo e asociadas (desglosar prestamista) (-)			
4. Outras débedas (desglosar prestamista) (-)			-14
11. Pagos por dividendos e remuneracións de outros instrumentos de patrimonio	-571	-200	-169
a. Dividendos (-)	-571	-200	-169
b. Remuneracións de outros instrumentos de patrimonio (-)			
12. Fluxos de efectivo das actividades de financiación (9+10+11)	260	283	524
D) EFECTOS DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO			
E) AUMENTO/DISMINUCIÓN NETA DO EFECTIVO OU EQUIVALENTES (5+8+12-D)	1.866	-3.345	57
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A COMENZOS DE EXERCICIO	1.677	3.543	198
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A FINAIS	3.543	198	255

